

# **BENVIDOS E BENVIDAS AO NOVO CURSO 2017-18!!**

Estimados pais e nais:

Agardamos que pasárades un bo verán e, neste comezo do cole, queremos saudarvos e compartir con vos a ilusión coa que educaremos e ensinaremos aos vosos fillos e fillas, ao mesmo tempo que vos pedimos colaboración para acadar unha boa convivencia e facilitarnos a tarefa docente. Estas son algunhas informacións de interese para este novo curso 2017 / 2018:

1.- Horario de apertura: As portas do colexio abriranse ás 9:00h e pecharanse ás 9:25h, polo que, o alumnado que non chegue nese horario deberá **traer a xustificación co motivo da demora** e entregarllo ao titor. Á saída, as portas abriranse ás 14:05h e pecharanse ás 14:30.

Para acceder ao colexio noutro horario, debedes chamar ao telefonillo da porta de peóns, traer o xustificante de casa e pasar por Secretaría para que vos acompañen ao aulario, pois durante o horario lectivo non está permitido o acceso directo ao aulario. Ademais, se precisades levar ao voso fillo/a ao longo da mañá debedes traer de casa o xustificante e o propio neno/a o entregará ao seu titor/a.

2.- A Biblioteca estará aberta de outubro e maio, todas as tardes agás os martes, de 16:00 ata as 17:30h. Neste curso, temos algunhas novidades do uso da mesma:

- Poderá acudir calquera alumno acompañado dun adulto.
- O alumnado de 5º e 6º poderá acudir sempre que teña a autorización asinada.
- Calquera alumno de 1º a 6º de EP a través da LUDOTECA (aberta de LUNS a VENRES). Esta actividade será xestionada pola ANPA cun PREZO POPULAR mínimo que será comunicado proximamente.
- A ANPA terá unha reunión coas familiares que realizarán este XOVES 14 de setembro!! Non podeades faltar!!!.

3.- Sobre as actividades e servizos organizados pola ANPA. A súa labor é vital no funcionamento do centro e axuda a conciliar a moitas familias. Pídese a todos que aportedes o voso grao de arena para facer unha ANPA consolidada. A ficha de socio está a vosa disposición na serretaría do centro (18€/anuais).

4.- Para participar nas Actividades Complementarias (realizadas en horario lectivo e co acompañamento do profesorado do centro) será necesaria a autorización escrita asinada. Que

5.-O colexio ten dúas direccións de correo electrónico e páxina web na que poden atopar toda a información relativa ao centro.

e-mail:	ceip.humberto.juanes@edu.xunta.es ceip.humberto.juanes@gmail.com (para comunicación coas familias)
---------	---

6.- Este curso entregaremoslles un **impreso de actualización de datos persoais**, así como, a **autorización dos dereitos de imaxe**, que deben ser devoltos aos titores/as.

7.- Cada ano rematamos o curso cunha morea de prendas de roupa abandonadas. Para evitalo, recomendamos que marquedes a roupa de cada neno/a para que se poida identificar en caso de pérdida. **A que quedou do ano pasado será entregada a algunha ONG dentro de 10 días polo que, podedes pasar polo cole e recoller as prendas esquecidas polos vosos fillos e fillas.**

8.- Todavía hai algunhas familias pendentes en recoller o cheque de fondo de libros. Aquelas familias que se lle concedeu que pasen por secretaría a recollelo.

Nigrán, 11 de setembro de 2017

O Claustro de Profesorado

*O CEIP Humberto Juanes quere agradecer ao CONCELLO DE NIGRÁN (operarios municipais, xefe de obra, concelleiro de vías e obras, concelleiro de educación e ao Sr. Alcalde) pola realización de diferentes obras acontecidas neste verán no centro. Asemade agradecer que aposten por un ensino público de calidade e por un CEIP Humberto Juanes que estamos seguros que os vosos fill@s disfrutarán.*